

9

Os orixinais non premiados, poderán ser devoltos, previa solicitude nun prazo máximo de trinta días a partires da data do fallo. A Fundación de Exposicións e Congresos, resérvase o dereito de publicación dos traballos premiados.

10

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das bases.

PREMIO XORNALÍSTICO



Manuel Reimón Portela

FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓN E CONGRESOS DE



Zona Deportiva, s/n.
36680 A Estrada (PONTEVEDRA)
[http:// www.feiradomoble.com](http://www.feiradomoble.com)
E-mail: fecae@feiradomoble.com
Telf: 986 573 406. Fax: 986 573 761

XVIII EDICIÓN
2013

A Fundación de Exposicións e congresos da Estrada convoca a **XVIII edición do Premio Xornalístico “Manuel Reimóndez Portela”**, en honra do persoeiro estradense que lle dá nome, e co obxectivo de contribuír ao fomento e difusión da cultura na Comunidade Autónoma Galega

bases

.....

1

Convócase o **XVIII Premio Xornalístico “Manuel Reimóndez Portela”**

2

O Premio outorgarase ao mellor traballo ou serie de traballos (ata un máximo de cinco), publicados en lingua galega, en calquera dos medios de comunicación escritos

3

A dotación económica do Premio será de **1000 €**. O premio estará suxeito ás correspondentes obrigas tributarias.

4

Ao Premio poderanse presentar traballos publicados ata o día **29 de xuño do 2012**. O prazo de recepción rematará o día **1 de Agosto de 2013**

5

Os autores e autoras ou calquera lector poderá enviar un exemplar dos traballos publicados, no que conste a data de publicación, o/a autor/a e o medio, á sede da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, Zona Deportiva s/n, 36680 A Estrada, Pontevedra, ou ao enderezo

6

O xurado cualificador presidido pola Directora Xerente da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, estará ademais integrado polos vogais que o Comité decida no seu momento e un secretario con voz pero sen voto.

7

A resolución do xurado cualificador será inapelable e darase a coñecer no mes de setembro. O premio entregarase na **XXVII Feira do Moble de Galicia**, que terá lugar no mes de setembro.

8

O xurado poderá declarar deserto o premio.